



Nota de prensa

CCOO, CIG e UGT CONVOCAN MAÑÁ AS 07:30 H. ASEMBLEA PARA VALORAR A PROPOSTA ÚLTIMA DA PATRONAL NO SECTOR DO METAL

01 de xuño de 2023

Os sindicatos CCOO, CIG e UGT, convocamos aos traballadores e traballadoras do Metal e do Comercio Metal da provincia de Lugo, para valorar a proposta que presentou esta mañá a patronal destes convenios na mesa de negociación e tras as oportunas aclaracións e explicacións, será sometida a votación en asemblea este venres día 02 de xuño de 2023, a partir das 7:30 h., na explanada de Hierros Ferreiro no Polígono do Ceao.

Despois de catro días de folga, a patronal avanzou por fin na súa oferta posibilitando acadar unha proposta de acordo que será sometida mañá venres a valoración da asemblea de traballadoras e traballadores. Se o persoal ratifica a proposta, procederase á desconvocatoria inmediata da xornada de folga de mañá e seguintes e no caso de non validar a oferta, o calendario de folgas desenvolverase como estaba previsto.

Na proposta de acordo acadada na reunión da mesa de negociación celebrada hoxe, a patronal ofrece un incremento salarial para 2022 igual ao IPC dese ano, é dicir o 5,7%, garantindo así a recuperación do poder adquisitivo. Para 2023 a suba será do 3,5% e para os seguintes anos de convenio, 2024 e 2025, do 2,65% respectivamente. No conxunto da vixencia do convenio o incremento dos soldos será do 14,5%.



Ademais incorpórase unha cláusula de revisión anual conforme ao IPC real, que era unha das demandas ás que a patronal se negaba con máis forza, con atrasos ao corte, isto é a partir do primeiro mes no que o IPC real supere os incrementos pactados en convenio para cada anualidade. Inclúese unha prima de convenio correspondente ao ano 2022 de 865€.

Á espera de que se pronuncie a asemblea de traballadores e traballadoras, os sindicatos CCOO, UGT e CIG valoramos de xeito positivo esta proposta que, a nivel retributivo, suporá que un/ha oficial de primeira cobrará uns 1600 euros ao ano máis, é dicir 150€ máis ao mes dende a primeira nómina que se reciba tras a sinatura do convenio.

Dende a parte sindical subliñamos que mover a patronal para chegar a esta proposta só foi posible grazas á mobilización, á unidade e á determinación amosada polo conxunto dos traballadores e traballadoras do sector, que secundaron de xeito masivo as folgas e as protestas convocadas para reclamar un convenio digno.

Para mais información: J. Luis CCOO: 649809541
Alfonso CIG: 618313635 e Carlos UGT: 667570519